



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO

TÍTULO PRIMEIRO: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º

O Concello de Ribadeo, en uso das facultades que legalmente lle corresponden, consonte ao disposto no artigo 25.2 g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, na Lei 7/1996 de ordenación do comercio polo miúdo e na Lei 13/2010 de comercio de Galicia, regula a actividade dos mercados que se desenvolvan nas dependencias de titularidade municipal (Praza de Abastos) así como das que se desenvolvan na vía pública por iniciativa pública ou privada con autorización municipal.

Artigo 2º (Modificado B.O.P. 121 27/5/2016)

Aos efectos previstos na presente Ordenanza considérase:

- **Praza Municipal de Abastos:** o edificio de dominio e servizo público adicado a este fin, doazón de D. Ramón González Fernández.

- **Venda ambulante:** a realizada en espazos públicos municipais por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluíndo os camiós tenda.

- **Mercado dos mércores:** mercado de celebración periódica todos os mércores do ano agás aqueles expresamente excluídos ou de peche obrigatorio por normativa legal aplicable -**Mercado dos domingos:** mercado de carácter sectorial para venda de alimentación artesanía alimentaria ou outro tipo de manufacturas artesanais, locais e comarcal de celebración periódica

de todos os domingos na época estival.

- **Mercado artesanal da rúa Rodríguez Murias:** mercado de carácter sectorial para venda de artesanía polo miúdo situado na citada rúa segundo plano aprobado pola Xunta de Goberno Local.

-**Mercado da horta dos sábados.**-mercado de carácter sectorial para a venda de produtos da

horta local de celebración periódica todos os sábados do ano agás aqueles expresamente excluídos ou de peche obrigatorio por normativa legal aplicable.

- **Mercado ocasional:** aquel de carácter puntual que se autorice pola Alcaldía-presidencia con carácter esporádico e puntual.

- **Posto fixo da Praza de Abastos:** concesión administrativa outorgada polo Concello, conforme ao procedemento legalmente establecido, que se constitúe como elemento independente coas características, superficie e destino fixadas na mesma.

- **Posto de mercadiño dos mércores:** porción de terreo público delimitado a través de plano aprobado polo Concello nos aledaños da Praza de Abastos dentro da que o titular autorizado pode exercer a súa actividade comercial.

- **Posto do mercadiño dos domingos:** instalación de carácter desmontable en modelo específico determinado polo Concello utilizado no Mercado dos Domingos para o exercicio de actividade comercial.

Postos illados: aqueles non incluídos nos anteriormente referenciados instalados na vía pública en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluídos os camións-tenda. - **Posto do mercadiño dos sábados:** Instalación de 2 m² dentro do que supón o sector A do mercado exterior, de carácter temporal.

-**Posto do mercadiño das froes:** Instalación de 4 m² dentro do que supón o sector A do mercado exterior, de carácter temporal.

-**Posto do mercadiño artesanal da Rúa Rodríguez Murias:** Os que están contemplados no plano aprobado para exercer a actividade de venda artesanal (non alimentaria) nesa rúa e con carácter temporal.

Artigo 3º

A vixilancia na aplicación desta Ordenanza estará a cargo dos axentes da Policía Local, sen perxuízo das facultades de organización, intervención e inspección da Alcaldía-Presidencia ou concelleiro en que delegue e as funcións que puntualmente puideran atribuírse na súa virtude.

Artigo 4º (Modificado B.O.P. 121 27/5/2016)

Para o exercicio da venda en calquera das modalidades reguladas na presente Ordenanza será requisito imprescindible a obtención da autorización municipal e a súa exposición en lugar visible do posto instalado.

Para a obtención de autorización municipal os comerciantes deberán reunir, con carácter xeral, os seguintes requisitos, debendo achegar os xustificantes respectivos na solicitude ou a requerimento municipal con ocasión de procedementos de renovación, no seu caso, ou do exercicio da función de inspección:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE e atoparse ao corrente no seu pagamento ou, no caso de estar exento, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

- Estar ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social.

- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria, especificamente no suposto de venda de alimentación o documento acreditativo de formación en manipulación de alimentos, vixente.

- Ter subscrito póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da súa actividade comercial.

- Dispoñer de permiso de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, no suposto de persoas estranxeiras.

- Acreditación, no suposto de persoas xurídicas, do CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa. A solicitude de renovación para os mercadiños dos mércores, dos sábados e do Mercado de creador@s e artesanía da Rúa Rodríguez Murías, será anual sendo o prazo aquel comprendido entre o 1 de outubro e o 15 de decembro. Os/as interesados deberán solicitalo sen mediar a comunicación do concello.

TÍTULO SEGUNDO: DO MERCADO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS

Artigo 5º:

A Praza Municipal de Abastos é un centro de abastecemento para a venda polo miúdo de artigos alimenticios en réxime de libre competencia mediante a concorrencia e variedade de postos de venda. A explotación do mercado municipal prestarase sen municipalización nin monopolio, podendo desenvolverse a mesma actividade comercial en tendas ou establecementos distintos, baixo o principio de libre comercio.

O inmovible onde se atopa o mercado é un ben de dominio público e servizo público sendo os postos propiedade do Concello co carácter de inalienables, imprescritibles e inembargables.

Artigo 6º: Das condicións de funcionamento do mercado Todos os produtos alimentarios que se introduzan no recinto da praza de abastos deberán acreditar as suficientes garantías hixiénico-sanitarias, de acordo co establecido no Real Decreto 640/2006 polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios. Queda totalmente prohibido o exercicio da actividade ás persoas aqueixadas de calquera enfermidade infecciosa ou contaxiosa en calquera dos seus períodos, sendo esta causa xustificada para o peche do posto, debidamente comunicada ao Concello, sen incorrer en suposto de extinción de licenza conforme ao artigo 10.n) desta Ordenanza.

Os días e horas de apertura e peche do mercado serán fixados polo Concello tendo en conta e oídos os concesionarios dos postos fixos interiores por Resolución de Alcaldía previa proposta da representación dos titulares dos postos do mercado. Os postos poderán pechar por período vacacional un mes ao ano, que se fixará por acordo entre os titulares dos postos por actividades no mes de xaneiro debendo comunicarse ao Concello.

En ningún caso poderán pechar á vez, cando exista máis dun posto da mesma categoría, todos os titulares deses postos, debendo quedar un mínimo do 50% dos postos aberto. No suposto de non chegar ao acordo resolverá o Concello atendendo por estrito orden de presentación de solicitudes.

Poderase autorizar pola Alcaldía ou Concellaría delegada a venda en horas extraordinarias por casos excepcionais por razón de festas ou grande concorrencia de xente, cando así se estime necesario para un bo abastecemento da poboación. Dita circunstancia anunciarase no taboleiro de anuncios do Concello e mediante bandos na Praza de Abastos con suficiente antelación. Para a venda en domingos e días festivos estarase ao disposto na normativa aplicable.

Os concesionarios veñen obrigados a rexentar o respectivo posto persoalmente, entendendo por tal a que realiza o titular, cónxuxe ou fillos, quedando terminantemente prohibido o subarrendo total ou parcial. No suposto de que o titular recorra a persoal contratado deberá obter a previa autorización do Concello e presentar a posteriori o contrato de traballo e alta na Seguridade Social do empregado. Os postos pertencentes a persoas xurídicas serán atendidos por aquela persoa que legalmente a represente ou por aquelas que acrediten unha relación laboral con dita persoa xurídica.

Dentro do recinto do mercado prohibese a venda ambulante, fumar en todo o recinto e a entrada de animais domésticos agás cando sexan guía de persoas con discapacidade.

Artigo 7º: Uso e ocupación dos postos

1. Todos os postos interiores nos que se divide o mercado teñen a consideración de fixos e serán destinados de forma exclusiva e permanente á venda dos xéneros seguintes:

a) PEIXE: comprenderá a venda de toda clase de peixe e marisco, fresco e conxelado, incluso de mariscos cocidos, bacallau en todas as súas formas.

b) CARNE: comprenderá a venda de toda clase de carnes frescas, refrixeradas e conxeladas, tanto canais como despoxos de animais das especies bovina, caprina, ovina e porcina, volátiles nas súas distintas especies e clases, domésticas e silvestres, dos mamíferos de caza e similares caseiros, de tocinos, embutidos de sangue e embutidos de carne fresca adobada.

c) FROITAS E HORTALIZAS: comprenderá a venda de toda clase de produtos de horta, tales como froitas, hortalizas frescas, conxeladas, desecadas e deshidratadas; de cereais, de legumes secas e os seus derivados, e de tubérculos e os seus derivados.

d) PANADERÍA: comprenderá a venda de produtos de pan e derivados da fariña, así como de pastelería-bollería

e) PRODUCTOS ALIMENTARIOS EN XERAL: comprenderá a exposición e venda de aqueles produtos alimentarios que a lexislación sanitaria autorice

f) PRODUCTOS ALIMENTARIOS SECOS: comprenderá a venda de produtos alimentarios envasados, compatible coa venda de outros produtos alimentarios perecedeiros

g) FLORISTERÍA: venda de flores e plantas frescas. Venda de flores secas, centros decorativos e ornamentais.

h) POSTOS ESPECIAIS: os non incluídos na relación anterior – v.gr., quioscos-diario, delicatessen, conservas, herbolario- A autorización destes postos, que será excepcional e motivada pola Xunta de Goberno Local, deberá respectar, como límites xerais:

- As normas hixiénico-sanitarias do Mercado de Abastos, sendo preciso informe técnico sanitario favorable, respecto da súa ubicación e a compatibilidade cos postos colindantes
- En ningún caso o seu número e características poderá desvirtuar a natureza do Mercado de Abastos, como centro comercial suministrador de produtos alimentarios
- Ditos postos estableceranse de xeito diferenciado dos postos de alimentación

2. Ningunha categoría das relacionadas poderá ocupar por sí soa máis do 40% da superficie de venda do mercado.

3. Nos postos só poderase vender aqueles produtos que se correspondan coa actividade aprobada para o mesmo. Non se permitirá nun mesmo posto a venda de artigos que pertencen a distintas ramas de actividade. Cando polo Concello, para un posto determinado, ao fixar os destinos e actividades se establezan dous ou máis, estas entenderanse alternativas, debendo no momento de adxudicación especificar cal de elas se corresponde coa explotación do mesmo. Unha vez concedido un posto deberá manterse a actividade de concesión salvo que excepcionalmente polo Pleno municipal se autorice a variación parcial ou total, previa xustificación motivada das causas que conleven dita modificación de cambio de actividade.

4. Os adxudicatarios poderán realizar obras de mera conservación. Cando sexan necesarias a execución de obras de adaptación e reforma, ou as obras proxectadas supoñan cambios nos postos requirirá a previa autorización municipal, exenta de dereitos e taxas. As obras non poderán supoñer en ningún caso variación dos postos. As obras e instalacións de cada posto que estean unidas permanentemente aos elementos estruturais ou construtivos do posto quedarán de propiedade municipal ao termo da concesión, sen que exista dereito a indemnización por tales causas. Entenderase que tales obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non poidan separarse dos pisos, paredes ou elementos, sen quebranto ou deterioro destes. Cando razón de interese público do servizo o esixan, o

Concello poderá ordear a execución de obras de adaptación necesarias que non orixinarán dereito a reclamación e/ou indemnización, vendo obrigados os titulares a realizalas no xeito acordado y baixo a supervisión dos Servizos Técnicos Municipais. Se a consecuencia destas obras se imposibilitara ou limitara o exercicio da actividade, a tarifa de ocupación dos postos diminuírase proporcionalmente.

5. Os adxudicatarios poderán instalar no posto os elementos accesorios precisos para o xénero de venda a que se dedique, tales como estantes, armarios, neveras, caixóns, tarimas, ganchos, soportes, grifos, mostras, rótulos, etc. A tal efecto deberán presentar bocetos e requirir da autorización municipal. O Concello resérvase o dereito a fixar modelos obrigatorios e reglamentar, por acordo da Xunta de Goberno Local, as instalacións sinaladas neste parágrafo. Será obriga dos adxudicatarios axustar os elementos aos modelos establecidos polo Concello, sen dereito a indemnización.

6. Serán a cargo dos titulares as obras de construción e adaptación dos postos do mercado, así como cantas instalacións houberan de realizarse en aqueles, así como os gastos de mantemento do posto e instalacións, que deberán mantelos en perfectas condicións de conservación e limpeza. O incumprimento determinará un requirimento polo Concello para subsanación en prazo de 15 días e no suposto de non atenderse realizarase un segundo, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda e adopción das medidas de execución forzosa pertinentes.

7. O titular da concesión deberá, ao termo da mesma, deixar libre, vacío e en bo estado de conservación e a disposición do Concello o posto de venda, reservándose a administración municipal o dereito a executar por sí o lanzamento en vía administrativa.

Artigo 8º: Procedemento de concesión

1. A adxudicación dos postos terá carácter de concesión e o seu titular non adquirirá a propiedade, senón un dereito real de ocupación. O prazo de concesión será, improrrogablemente, de 30 anos.

2. Ningún titular terá dereito a ocupar máis de un posto no Mercado de Abastos. Queda totalmente prohibida a unión de postos. Entenderase que existe identidade de titular entre persoas xurídicas cando no seu capital participen persoas con parentesco de ata o terceiro grao por consanguinidade ou afinidade ou cando algún dos seus socios sexa titular de outro posto e teña máis do 25% das accións ou participación que integran o capital social. Tamén se considerará identidade de titular entre persoas físicas e xurídicas cando aquela sexa socio integrante que posúa máis do 25% do capital social. O Concello resérvase a potestade de subdividir os postos vacantes mediante acordo da Xunta de Goberno Local previo ou coetáneo ao acordo de incoación do expediente para nova adxudicación

3. O procedemento de adxudicación será o seguinte:

- Producida unha vacante, corresponderá á Xunta de Goberno Local a incoación do expediente para nova adxudicación, identificándose no acordo inicial o posto vacante, superficie, categorías de venda permitidas no mesmo, contías de fianza provisional e definitiva, prazo de solicitude, tipo de saída e cantas outras especificidades se entendan convintes

- Anunciarase no taboleiro de anuncios do Concello, Boletín Oficial da Provincia e no propio Mercado de Abastos a convocatoria de licitación, podendo concorrer calquera interesado, persoa natural ou xurídica, con capacidade plena de obrar e que reúna os requisitos establecidos no artigo 4 da presente Ordenanza, acompañando os documentos que o acrediten xunto co resguardo da fianza provisional, no seu caso, copia do DNI, NIE ou CIF e declaración de non estar incurso en ningún suposto de prohibición ou inhabilitación para contratar coa Administración Pública. No suposto de persoas xurídicas deberá acompañarse escritura da sociedade e outorgamento de poder suficiente e representación para quen asine a solicitude.

- O procedemento de adxudicación será o de subasta mediante o sistema de poxas á alza en acto público no lugar e data da convocatoria, debendo asistir persoalmente os licitadores ou persoa que os represente debidamente.

- A adxudicación definitiva corresponde á Xunta de Goberno Local, quen, quedando postos

vacantes, poderá alterar o uso dos mesmos a efecto da súa adxudicación, procedéndose a unha segunda licitación. De non alterarse ou, celebrada segunda licitación, quedaran aínda postos vacantes, poderán, no prazo máximo de un ano dende a licitación última, ser adxudicados de forma directa e libremente.

4. Excepciónase do procedemento de adxudicación anterior a reasignación de postos por causa de traslado de instalacións ou reforma interior do edificio, en cuxo caso realizárase unha adxudicación por concurso restrinxido aos anteriores titulares mantendo a mesma actividade e polo tempo que reste de concesión, do seguinte xeito:

- Primeiro ao interesado de maior antigüidade no mercado
- Segundo, para supostos de mesma antigüidade, a quen tivera desenvolto a súa actividade de forma continuada, sen interrupcións ou coas mínimas
- Terceiro, por sorteo.

Artigo 9º: Transmisións

Os dereitos derivados da concesión son persoais e transferibles por actos intervivos ou mortis-causa. No suposto destas transmisións o prazo para o novo concesionario será o máximo actual de trinta anos a contar dende a transmisión.

Ata un ano antes de finalizar o período de vixencia, os concesionarios das casetas ou postos poderán traspasar os seus dereitos, logo da autorización da Xunta de Goberno, sempre que non deban ningunha contía á Facenda Municipal vencellada á concesión do posto. Se transcorridos dous meses dende a solicitude non se tivera resolto, entenderase autorizada. Na solicitude de traspaso deberá fixarse o importe deste e será facultade do Concello autorizalo, percibíndose neste suposto o 40 % do importe sinalado. A non autorización, que deberá ser motivada, non xenerará indemnización algunha en favor do solicitante.

O Concello ostentará dereitos de tanteo e retracto no suposto de transmisión inter vivos, neste último suposto cando non tivera lugar solicitude de transmisión ou o prezo comunicado fose inferior ao real.

En caso de falecemento do titular da licenza, transmitirase ao herdeiro ou legatario do mesmo. Se o posto se adxudicara pro indiviso a dous ou máis persoas, estas, no prazo de seis meses, deberán determinar e comunicar ao Concello quén, de entre eles, sucederá ao causante na titularidade do posto. De non facelo, declararase caducada a autorización e vacante o posto. O prazo de comunicación de falecemento do titular e solicitude de traspaso será de un mes, agás ampliación de prazo a seis meses no suposto de adxudicación testamentaria a varias persoas.

En supostos de sucesión intestada, transmitirase o posto a favor de: cónxuxe supérstite, fillos, netos, pais ou irmáns do titular, por esta orde. Dentro do mesmo grao darase preferencia a quen xustifique colaboración no posto co titular durante os tres anos anteriores ao falecemento, de non facelo, a quen manifeste a súa vontade de continuar coa explotación da concesión con renuncia expresa dos restantes familiares do mesmo grao e, no seu defecto, ao de maior idade. De non existir os indicados parentes ou renunciando todos eles á continuidade da explotación, o posto declararase vacante.

En caso de incapacidade física do titular para desempeñar o seu traballo comercial habitual, e previa acreditación por certificado médico de tal situación, o Concello poderá autorizar a transmisión a favor do cónxuxe, fillos, netos, pais ou irmáns do titular.

Cando o titular da concesión sexa unha persoa xurídica e se proceda á disolución da mesma, o acordo de disolución deberá atribuír os dereitos sobre o posto a unha das persoas resultantes de dita disolución. Asimesmo, nos supostos de absorción ou fusión de empresas deberá comunicarse fehacientemente ao Concello a identidade ou consunción de persoas que implique unha continuidade empresarial no prazo de un mes dende que teña lugar.

Artigo 10º: Extinción ou caducidade da concesión

A concesión extingüese ou caduca polas seguintes causas:

- a) Finalización do prazo polo que se outorgou
- b) Renuncia expresa e escrita do titular ou falecemento ou extinción do mesmo agás no establecido no artigo anterior. A renuncia deberá ser aceptada pola Xunta de Goberno Local, previa comprobación de que o interesado ten cumprido coas súas obrigas coa Facenda Municipal e que o posto se atopa en perfecto estado de conservación. Os arreglos que sexa necesario efectuar para a súa nova posta en funcionamento serán a conta do renunciante.
- c) Cesión, subarrendo ou transmisión da concesión sen autorización municipal
- d) Non comunicar ao Concello calquera modificación ou alteración dos membros da persoa xurídica, a disolución da mesma e atribución a unha das persoas resultantes da titularidade do posto, ou a fusión ou absorción da empresa no prazo de un mes dende que tivera lugar calquera destas circunstancias
- e) Declaración de quebra do titular por resolución xudicial firme
- f) Perda de algunha das condicións esixidas para optar á autorización previstas na presente Ordenanza
- g) Falta de pago da taxa a aboar ao Concello, por máis de tres recibos, por causa imputable ao titular
- h) Causas sobrevidas de interese público
- i) Infracción moi grave das disposicións técnico-sanitarias ou das instrucións ou ordes sobre limpeza e hixiene dos postos
- j) Realizar obras que afecten á estrutura do inmovible sen contar coa autorización municipal
- k) Causar danos graves por dolo ou negligencia no posto e nas súas instalacións
- l) Desatender no prazo concedido o requirimento para manter o posto en perfectas condicións, cando sexa reiterado unha segunda vez
- m) Deixar transcourir seis meses dende a data de notificación da adxudicación ou da terminación das obras de adaptación precisas, no seu caso, sen abrir o posto ao público
- n) Permanecer o posto pechado ou sen dedicarse á venda durante trinta días consecutivos ou sesenta alternativos nun ano, salvo circunstancias especiais e xustificadas que apreciará o Concello
- o) Vender produtos ou artigos non autorizados no posto ou que se atopen prohibidos legalmente para a venda
- p) Comisión de faltas graves descritas nesta Ordenanza
- q) As establecidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de Contratos do Sector Público ou normativa que o substitúa

Artigo 11º: Dereitos e obrigas

1. A limpeza das zonas comúns, así como das instalacións que non se correspondan cos postos de venda concedidos correrá a cargo do Concello
2. Os concesionarios terán dereito á utilización dos postos para a consecución dos fins para os que se lle foron concedidos así como dos elementos común do mercado municipal de abastos. O Concello outorgaralles a necesaria protección e asistencia para que poidan prestar debidamente o servizo. Asemade, son dereitos dos concesionarios os seguintes:
 - A realización das vendas e transaccións que autoriza a concesión
 - O abastecemento de mercadorías, nas condicións e horarios fixados polo Concello, podendo facer uso dos elementos común para tal fin
 - Solicitar do Concello a realización de obras ou reparacións necesarias nos elementos común do mercado que afecten ao funcionamento do posto
 - A facultade de realizar traspasos nas condicións do artigo 9
 - Contratar persoal asalariado, para axudar nas operacións a realizar no posto que deberá ser comunicado ao concello
3. Os titulares dos postos deberán:
 - Comunicar ao Concello calquera cambio que se produza no seu domicilio ou datos de contacto
 - Ter ao corrente ao Concello do persoal que presta os seus servizos no posto
 - Observar a máxima pulcritude e aseo persoal

- Manter en bo estado de conservación os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade e os postos, obras ou instalacións utilizados, coidando de que estean limpos e en perfectas condicións de ornato, hixiene e salubridade
- Abrir e pechar o posto atendendo ao público, conforme ao horario establecido
- Ter a disposición dos compradores para a súa adquisición toda a existencia de artigos que expendan, sen apartar, seleccionar ou ocultar parte da mesma
- Recoller diariamente os residuos que xeneren depositándoos nos lugares indicados ao efecto, prohibíndose o verquido de residuos polos desaugadoiros
- Satisfacer as taxas municipais
- Contratar pola súa conta e aboar os subministros eléctricos e de auga potable
- Prohibir a participación de menores de 16 anos nas actividades de venda ambulante.
- Cumprir a normativa vixente en materia laboral e de seguridade social
- Absterse de ocupar con calesqueira obxetos os pasillos ou outras estancias do mercado.

Excepcionalmente poderase autorizar pola Alcaldía ou Concellería Delegada, previa petición xustificada, a instalación de expositores, sempre que non perxudiquen o acceso ao público e con produtos que non ensucien. Estes elementos deberán ser retirados ao finalizar o horario comercial.

- Absterse de expoñer mercancías de forma que molesten ou perxudiquen aos demais vendedores ou compradores
- Absterse de proferir berros ou pronunciar palabras estentóreas, así como o uso da megafonía para anunciarse e a xeración de ruído que moleste ao público

TÍTULO TERCEIRO: DO MERCADO EXTERIOR PERIÓDICO DA PRAZA DE ABASTOS

Artigo 12º (Modificado B.O.P. 121 27/5/2016): Delimitación e funcionamento

O mercadillo periódico dos mércores celebrarase no recinto exterior da Praza de Abastos, no fronte da rúa Doutor Moreda e nos entronques das rúas Ramón González e Reinante coa propia Praza de Abastos e que se poderá modificar anualmente por órgano competente, dividido en tres sectores e figurando integradas, no recinto do mercado, as zonas de aparcamento que forman parte do seu perímetro segundo plano aprobado a tal efecto”

O mercadillo celébrase todos os mércores do ano agás aqueles expresamente excluídos ou de peche obrigatorio por normativa legal aplicable. O horario de funcionamento deste mercado é

Artigo Por razón de interese público ou forza maior debidamente xustificadas poderase variar pola Alcaldía ou Concelleiro Delegado as datas ou horarios do mercadillo, debendo publicitarse suficientemente e con antelación.

13º: Réxime de autorización (Modificado B.O.P. 121 de 27/5/2016)

1. O exercicio da venda ambulante requirirá a previa autorización municipal paracada emprazamento concreto e por cada unha das modalidades de venda ambulante.

Os postos determinados no plano aprobado do mercado dos mércores determinan a superficie total a ocupar pola instalación do mesmo así como os elementos auxiliares e o espazo de acceso e desenvolvemento do comercio polo titular, que deberá realizar as actuacións de venda dentro do espazo determinado.

A superficie do posto virá dada pola determinación municipal, sendo irreductibles e inampliáveis salvo autorización expresa e unicamente no momento do procedemento de renovación de autorizacións ou por necesidades de reordenamento do espazo por parte da administración local, non podendo baixo

ningunha circunstancia ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso a locais comerciais ou industriais ou oculten a súa entrada ou os seus escaparates ou exposicións.

2. A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante ten as seguintes características:

a) A súa concesión ten carácter discrecional, estando supeditada ao interese xeral.

Enténdese autorizada con carácter provisional e a precario. O vendedor ambulante non adquirirá de xeito ningún dereito sobre o posto que en principio se lle asigne, xa que este non terá o carácter de permanente, e a autorización para o exercicio da venda non dará dereito ao seu titular a realizar ningunha ocupación superficial, e só autoriza a estacionarse o tempo necesario para realizar as operacións ou transaccións propias da industria ou oficio obxecto da autorización.

b) Pode ser revogada unilateralmente polo incumprimento das condicións do seu outorgamento ou da normativa vixente, así como disporse dos terreos pola Alcaldía para eventos puntuais ou necesidades xustificadas sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación algunha, salvo a devolución, no seu caso, da parte proporcional das taxas aboadas en rateo mensual.

Tamén poderá revogarse pola supresión do propio mercado ou feira ou redución da súa capacidade, pola reiterada falta de limpeza do posto ou do seu entorno unha vez finalizado o mercado, por ocupación do posto por persoa non autorizada e por non utilización do posto durante catro mércores seguidos ou oito alternos sen xustificación.

c) Terá unha duración máxima dun ano . As autorizacións poderán renovarse de forma expresa por idéntico período. En todo caso de non estar rematado o procedemento para a renovación expresa manterase en vigor durante o primeiro mes do exercicio seguinte coas mesmas condicións do exercicio anterior. As autorizacións resultantes de procedementos de adjudicación de postos vacantes ou novos terán a duración restante ata o cumprimento do ano natural resultante do proceso xenérico de renovación.

d) Podérase autorizar para o exercicio da venda a persoa distinta do titular para o, que terá que ter a consideración de habilitado/a, nos supostos que se sinalan a continuación:

- A persoa colaboradora da titular, poderá ser calquera persoa física que manteña coa persoa titular unha relación laboral contractual ou unha relación familiar de parentesco, cónxuxe, ou parella legal de feito, ou descendente ou ascendente en primeiro e segundo grado de consanguinidade, sempre dado de alta no rexime correspondente, ou , sendo a persoa titular persoa xurídica, se acredite relación societaria mediante oportuna escritura pública e designación da persoa habilitada.

A persoa colaboradora, así entendida, deberá ser previamente acreditada e autorizada polo Concello, conlevando a autorización para exercer a venda como tal e en substitución da persoa titular, resultando obrigadas ambas a cumprir todas as condicións, requisitos e normas aplicables á autorización de venda.

O máximo de persoas colaboradoras serán dúas.

A condición de persoa colaboradora non xenerará dereito algún respecto de ulterior concesión de transmisión da autorización.

e) Cada solicitante / titular terá como máximo dereito a 1 autorización.

3. Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. As operacións de carga e descarga e instalación dos postos deberán efectuarse entre as 07.00 horas e as 08:00 horas. A desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 14:00 horas, no prazo máximo de unha hora,

deixando o lugar en perfecto estado de limpeza. Está prohibida a utilización de anclaxes ou elementos que danen o pavimento público. Aqueles vehículos que supoñan a propia disposición dos postos como poden ser camións-tenda e similares autotizarase en zonas ou lugares determinados que deberán ser especificados na solicitude e autorizados expresamente. Sempre que sexa posible e o espazo o permita, autorizaráse provisionalmente as persoas titulares a aparcas os seus vehículos e non poderán colocarse aqueles que polo seu tamaño, excesivo ao posto, perxudiquen aos contiguos. Se da instalación de vehículos na forma sinalada se derivasen inconvenientes para o normal funcionamento do mercado, se disporá a súa instalación nos aparcadoiros próximos. Salvo casos excepcionais debidamente xustificadas e autorizados polo Concello de forma expresa, só permitirase o acceso ao recinto do mercado dun vehículo por autorización de venda.

4. Poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios que non estexan expresamente prohibidos pola normativa vixente.

Autorízase a venda de pan, froita, queixos, produtos cárnicos e produtos envasados, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable, cando se cumpran as condicións sanitarias e hixiénicas que establece a lexislación sectorial sobre a materia para cada tipo de produto. Non se autoriza a venda de carne, aves, pescado fresco ou conxelado, produtos lácteos e derivados e calquera outro que precise de frío para a súa conservación ou elaboración "in situ".

5. Os titulares de postos interiores non poderán obter autorizacións para explotar postos no Mercado exterior

Artigo 14: Solicitude e lista de agarda

1. A solicitude de posto no mercadiño dos mércores deberá formularse en modelo normalizado que se adxunta á presente Ordenanza, debidamente cumprimentado e axuntado os documentos nel especificados. A especificación no croquis das dimensións solicitadas serán consideradas orientativas mais de ningún xeito implicarán obrigatoriedade ao Concello do seu mantemento ou cumprimento á hora da adxudicación.

2. As solicitudes serán listadas por orde de antigüidade nunha lista de agarda e no caso de vacantes ou postos novos seguirase o seguinte procedemento:

- Acordo do órgano competente declarando a vacancia do posto e a apertura do procedemento de adxudicación, sen perxuízo da súa subdivisión se procede e reenumeración dos resultantes
- Notificación a tantos solicitantes como postos queden declarados vacantes a efecto de que no prazo de 10 días adxunten os documentos referenciados no artigo 4 da presente Ordenanza xunto con un listado da orde de preferencia de asignación dos postos vacantes, que se lles facilitarán cun plano adxunto onde consten as medidas dos mesmos
- A orde de lista de agarda poderá alterarse para manter a finalidade de comercio dos postos a adxudicar, de tal xeito que seguirán orde correlativa os de alimentación e os de téxtil e outras modalidades. Asemade, poderá alterarse cando os postos declarados vacantes teñan unha situación ou dimensión que faga dificultosa a súa adxudicación en xeral, podendo ofertase preferentemente a aqueles solicitantes que fixeran referencia na súa solicitude de postos semellantes ou que poidan acomodarse ás características específicas dos ofertados
- Transcorrido o prazo de 10 días procederase á adxudicación de postos entre os solicitantes que tiveran presentado a documentación considerando desistidos da súa solicitude aos restantes, sen perxuízo da admisión de documentación extemporánea cando non se teña procedido á fase seguinte. A adxudicación realizarase atendendo á preferencia indicada polos solicitantes e, no suposto de solicitarse o mesmo posto, resolverase a favor do que conte con maior antigüidade na lista de agarda
- Continuando vacantes postos, notificarase aos seguintes solicitantes en mesmo número que postos libres, reiterando o procedemento ata a adxudicación da totalidade dos postos.
- Excepcionalmente poderase considerar que polas circunstancias específicas en que exista un só posto de unha modalidade ou os existentes sexan de dificultade obxectiva polas dimensións ou

situación para a súa ocupación poida admitirse a renuncia aos mesmos sen perda do lugar na lista de agarda.

Artigo 15º (B.O.P. 121 27/5/2016) : Do documento da autorización municipal e a súa transmisión

1. A autorización municipal de exercicio da venda ambulante conterá a seguinte información:

a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/NIE/NIF do titular da autorización.

b) Modalidade de venda ambulante que se autoriza.

c) Determinación do número de posto e metros cadrados autorizados, así como das datas e horario para o exercicio da venda.

d) Expresión sucinta de normativa reguladora e referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa reguladora do Mercado.

e) Período de vixencia da autorización.

f) Cadro de taxas a aboar referenciadas mensualmente segundo Ordenanza Fiscal.

g) Nome e apelidos, DNI da persoa colaboradora no seu caso.

h) Produtos autorizados.

2. O documento deberá estar permanentemente exposto e visible no posto de venda.

3. O documento acreditará o pagamento das taxas municipais mediante a estampación do selo da entidade bancaria ou da tesouraría municipal nos cadros mensuais que figuran no mesmo.

4. Fotografía da persoa autorizada.

5. A transmisión da autorización para o exercicio da venda ambulante non sedentaria será transmisible previa comunicación ao Concello, polo tempo que reste da autorización ou da súa prórroga, ata completar o prazo de validez da mesma, nos supostos de enfermidade da persoa titular suficientemente acreditada, ou para atender obrigas públicas ou oficiais de carácter inescusable ou debido a obrigas de conciliación da vida familiar, xubilación ou outras causas debidamente xustificadas, a petición de esta/este. Neste caso non se considerará que se produce vacante de posto.

6. A transmisión da autorización nos supostos sinalados poderá facerse pola persoa titular, a favor de descendente ou ascendente directo en primeiro e segundo grao de consanguinidade, cónxuxe, parella de feito ou en convivencia, sempre que o respectivo estado resulte debidamente acreditado mediante certificado oficial.

7. En todo caso, a persoa así designada deberá acreditar documentalmente nos que conste o para o exercicio da actividade, nos termos establecidos no artigo 14 desta ordenanza.

8. Os titulares de postos que teñen en marcha un expediente aberto co Concello de Ribadeo non lle será aplicable o artigo da transmisión, non sendo posible a transmisión da autorización en ningún caso.

Artigo 16: Extinción da autorización

As autorizacións para venda no mercado periódico dos mércores extinguíranse polas seguintes causas:

a) Revogación nos termos do artigo 13.2.b) desta Ordenanza

b) Finalización do período autorizado, sen perxuízo da posibilidade de renovación

- c) Renuncia ou abandono do titular
- d) Imposición de sanción
- e) Morte do titular da licenza, puidendo, neste caso, transmitirse a licencia ata completar o período autorizado, aos seus familiares en primeiro grao de consanguineidade ou afinidade, así como ao cónxuxe supérstite, tendo preferencia a falta de designación do titular, aquel dos parentes que viñera colaborando habitualmente no exercicio da venda f
- f) Extinción da personalidade xurídica da entidade ou sociedade titular da licenza, puidendo outorgarse nova licenza, polo tempo restante, a calquera dos socios integrantes da mesma, que deberá, en todo caso, reunir os requisitos esixidos para o exercicio da venda ambulante
- g) Reincidencia na demora por mais de tres meses no pago dos dereitos municipais sobre o posto.

Artigo 17 (B.O.P. 121 27/5/2016): Obrigas dos titulares

- a) Pagar as taxas correspondentes reguladas na Ordenanza Fiscal.
- b) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que fosen autorizados.
- c) De utilizaren pesas ou medidas, telas debidamente homologados pola autoridade competente.
- d) Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes.
- e) Cumprir cantas obrigas impoñan as disposicións aplicables por razón da actividade que exerzan, especialmente en materia de disciplina de mercado e comercialización.
- f) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza. Deberán, ao remate da xornada comercial, deixar limpos de residuos os espazos ocupados.
- g) Reparar os desperfectos ocasionados na vía pública.
- h) Absterse de publicidade estática ou sonora.
- i) O comerciante deberá manterse durante toda a vixencia da autorización no cumprimento dos requisitos e condicións que houberan determinado a súa adxudicación, , e que no seu caso, se desenvolva, así como as instrucións que dite a autoridade municipal competente.
- j) Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.
- k) titular do posto deberá colocar en lugar visible a tarxeta de identificación que a tal efecto lles sexa facilitada polo Concello.
- l) No desenvolvemento da actividade mercantil, O comerciante deberá responder en todo momento da calidade dos seus produtos, sen que poda ocasionar riscos para a saúde ou seguridade dos consumidores, supoñan fraude na calidade ou cantidade, sexan falsificados non identificados ou incumpran os requisitos mínimos para a súa comercialización

Artigo 18 : produtores locais

1. Excepcionalmente para aqueloutros veciños /as que no uso e costume ancestral no mercado semanal vendan os seus excedentes de horta de produción propia , poderán disfrutar dun espazo limitado a un máximo de 2,00 metros cadrados . Esta zona estará situada no espacio entre árbores da porta do edificio do Mercado de Abastos que da á rúa Reinante.
2. Emitirase un documento de autorización que habilitará ao seu titular a instalar un posto de non

máis de 2,00 m cadrados no espazo indicado,. En todo caso, procurarase non emitir máis autorizacións das que obxectivamente permitan instalarse no espazo citado. Asimesmo, os titulares virán obrigados a portar o día de instalación a tarxeta e de ter aboado a taxa correspondente segundo Ordenanza Fiscal.

3. En todo o restante aplicarase, no que non sexa incompatible, o sinalado no Título Terceiro desta Ordenanza, incluído o referente á taxa a aplicar.

4. Para a obtención da autorización municipal a documentación necesaria prevista no artigo 4º poderá substituírse a por unha declaración responsable asinada polo produtor no modelo oficial que a tal efecto se facilitará no Concello.

TÍTULO CUARTO: MERCADIÑOS OCASIONAIS

Artigo 19º: réxime xeral

Teñen a condición de mercadiños ocasionais os que con tal carácter se autoricen pola Alcaldía, para a venda de produtos típicos ou adicados monográficamente a un determinado produto. Inclúense neste tipo de mercadiños, sen que a enumeración sexa exhaustiva, os de mel, libros, artesanía Observaranse para os mercadiños ocasionais as normas da Resolución de Alcaldía que os establezan e, subsidiariamente, o previsto na presente Ordenanza, debendo reunir os autorizados os requisitos do artigo 4 e emitíndose un documento de autorización que deberán ter exposto no posto respectivo.

Con carácter particular non se exisirá a permanencia diaria no posto, que non poderá exceder dos 4 metros cadrados.

Artigo 20º. MERCADO DE CREADORES E ARTESÁNS DA RÚA RODRIGUEZ MURIAS (BOP 069 24/03/2017) Con carácter concreto establecerase un mercado de artesanía dirixida a persoas artesáns e creadoras que acrediten que as pezas a expoñer son de autoría propia e que se desenvolverá na Rúa Rodríguez Murías, segundo plano aprobado a tal efecto. As autorizacións serán de xeito anual, cada 1 de xaneiro, as taxas se regularán segundo a Ordenanza Fiscal T19 no seu artigo 5.3, liquidándose mensualmente segundo o que se establece para o mercado dos mércores. As solicitudes realizáranse no mes de outubro de cada ano, en modelo normalizado expresando o obxecto de venda, a prelación de asignación de postos vacantes, podendo admitirse solicitudes durante a tempada cando existan postos libres. Á solicitude xuntárase:

- a. Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do IAE e a Seguridade Social, así coma os documentos acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- b. Fotocopia do D.N.I.
- c. Fotografías tamaño carné (1 foto)
- d. Estar ao corrente coa Tesourería municipal
- e. 1 Fotografía do posto
- f. Declaración expresa de que os produtos expostos ao público son de autoría propia
- g. Memoria explicativa dos produtos a vender, materias primas e proceso de elaboración, acompañado de documentos gráficos.
- h. Un seguro de responsabilidade civil.

Terán preferencia de asignación e autorización de postos, en caso de recibirse máis solicitudes que postos antes do inicio da tempada, os titulares de autorización da tempada inmediatamente anterior que tiveran aboadas as taxas correspondentes.

Normas de funcionamento Os horarios de funcionamento do devandito mercado serán como se recolle a continuación:

☒ Do 1 de xullo ao 15 de setembro con periodicidade diaria, de 12:00h a 00:00h.

☒ Do 16 de setembro a 6 de xaneiro e do 1 de marzo ao 30 de xuño, fins de semana (Sábados e Domingos) e festivos, de 12:00h a 00:00h

☒ Do 7 de xaneiro ao 28 de febreiro ou 29 de febreiro en caso de ano bisesto, o mercado non estará en funcionamento.

Atendendo a excepcionalidade de datas do Nadal e outras festividades o Concello poderá ampliar estas datas. (.....)

Artigo 20 bis (B.O.P. 121 27/5/2016) : MERCADO DAS FRORES

Este mercado desenvolverase no do mercado exterior da Praza de Abastos e irá dirixido exclusivamente á venda frores.

A admisión de solicitudes para este mercadiño ocasional será na primeira quincena de outubro e sempre que o número de postos autorizados sexa menor que as prazas dispoñibles serán resoltas en modo de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo. Cando o número de peticionarios/as exceda o número de postos libres, poderá resolverse a concesión das autorizacións a través dun sorteo directo entre os/as solicitantes.

Para solicitar a participación será preciso presentar unha declaración responsable, que se lle facilitará neste Concello.

A superficie de cada posto será de 4 m². Planos autorizados.

Con carácter xeral este mercadiño levárase a cabo os dous días previos ao 1 de novembro.

No caso de coincidir co mercado dos mércores, terá preferencia este último. Polo que haberá obriga de modificar as datas de celebración do mercado das frores e serán o máis próximo posible a 1 de novembro e podendo ser anteriores ou posteriores á data de celebración do mercado dos mércores.

Artigo 21 (B.O.P. 121 27/5/2016): Mercado dos domingos.

Celebrarase tódolos domingos na tempada estival un mercado sectorial de alimentación e artesanía en colaboración no espazo exterior da Praza de Abastos.

As normas establecidas no Título Terceiro da Presente Ordenanza, debendo reunir os interesados os requisitos do artigo 4º e coas seguintes especificidades:

a) Os postos serán facilitados polo Concello de xeito normalizado e igualitario, non podendo instalarse modelos diferentes dos indicados.

b) Non poderán existir máis autorizados que número de postos dispoñibles no Concello.

c) A taxa correspondente liquidarase segundo establece a Ordenanza Fiscal T19 no seu artigo

Artigo 21 bis (B.O.P. 121 27/5/2016) : Mercado da Horta dos sábados

Con carácter concreto establecerase un mercado da horta no espazo exterior da Praza de Abastos adicado á venda de produtos da horta local.

Dito mercado terá lugar todos os sábados do ano , non podendo obter autorización para a mesma quen figure como debedor de taxas municipais de tempadas anteriores.

Para participación neste mercado será obrigatorio estar empadroadado en Ribadeo e/ou ter unha explotación agraria no termo de Ribadeo a nome do solicitante.

O empadroadamento revisárase de oficio,debedo acreditar o solicitante, no seu caso, o feito de ter unha explotación agraria en Ribadeo.

Excepcionalmente, poderase revocar a autorización por interese municipal debidamente motivada coa devolución da taxa non disfrutada.

O espazo a utilizar por cada posto instalado non poderá superar os dous metros cadrados por posto con un fondo máximo, liquidándose a taxa correspondente segundo establece a Ordenanza Fiscal T19 O máximo de postos será de oito segundo o plano aprobado.

A autorización liquidarase anualmente con antelación de xeito global polo período total de ocupación.

As solicitudes para estes postos realizaránse en modelo normalizado expresando o obxecto da venda, a prelación de asignación de postos vacantes e a tempada para a que se realiza a solicitude, podendo admitirse solicitudes durante a tempada cando existan postos libres.

A solicitude xuntarase:

-Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do I.A.E. e de estar ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

-Fotocopia do D.N.I.

-Dúas fotografías tamaño carnet.

-Estar ao corrente coa tesourería municipal.

-Documentación que acredite que cumpre os requisitos para participar neste mercado, no seu caso.

TÍTULO QUINTO: VENDA AMBULANTE E POSTOS ILLADOS

Artigo 22 (Modificado B.O.P. 121 27/5/2016).-

a) A efectos desta ordenanza constitúe venda en camións tenda e ou instalación de fácil transporte (postos illados) a que realiza o/a prestador/a nun vehículo móbil/instalación transportable, autorizados en todo caso en réxime de concorrencia competitiva así como as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro , de patrimonio das administracións públicas, así como do capítulo II da Lei 17/2009 , de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, e debendo reunir, en todo caso, as debidas condicións de seguridade, salubridade, ornato.

b) As instalación e/ou vehículos adicados á venda de produtos alimenticios deberán cumprir os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario.

c) Os postos desmontables e os vehículos destinados a venda ambulante non poderán situarse en accesos a edificacións de uso público, establecementos comerciais, nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil ou rodada. E sempre estarán supeditados a autorizacións con plano aprobado a tal efecto.

Modalidades

- Vehículos gastronómicos, serán os que ademais das características arriba expostas reunan as seguintes condicións:

d) A oferta de alimentos destes vehículos móbiles deberán responder a propostas gastronómicas singulares e de calidade , e que deberán estar vinculadas a produtos galegos .

e) Así mesmo os vehículo móbiles deberán responder a unha identidade singular vinculada á proposta gastronómica ofertada, isto é o seu deseño deberá constituír unha diferenciación e atracción turística.

f) A venda ambulante realizárase en vehículos móbiles singulares, acordes ao condicionamentos establecidos nos pregos de condicións e/ou autorizacións, debendo reunir, en todo caso as condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

g) Os produtos autorizados a venda, a duración e tempo, o lugar, taxas, e os requisitos en xeral virán establecidos nos pregos de condicións e/ou autorizacións.

Ventas en instalacións desmontables autorizadas con carácter excepcional.

a) Comprenderá a venda ambulante realizada en postos facilmente desmontables e/ou vehículos autorizados , no seu caso, en postos autorizados por razón de tempada ou aqueles que se autoricen xustificadamente con carácter excepcional e de forma ocasional asociados a festividades, eventos populares, deportivos e culturais.

b) As autorizacións municipais sempre se referirán a lugares ubicados no ámbito urbano e de titularidade municipal.

c) Os produtos autorizados, a venda, a duración e tempo, o lugar, taxas, os requisitos en xeral virán establecidos nos pregos de condicións e/ou autorizacións en rexime de concorrencia competitiva. Esta artigo non será de afección ás actividades organizadas polas comisións de festas

Con carácter xeral, non se autorizará a venda ambulante no Concello de Ribadeo agás as modalidades recollidas no presente artigo.

TÍTULO SEXTO: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 23 (Modificado B.O.P. 121 27/5/2016): Competencia

Corresponde á Alcaldía-Presidencia a competencia para a imposición das sancións, previa tramitación do preceptivo expediente, con audiencia do interesado.

Para o procedemento sancionador, a maiores do establecido no presente Regulamento, estarase ao disposto na normativa contida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común así como o procedemento regulado polo Real Decreto 1398/1993 polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestad sancionadora da Administración.

No ámbito destas competencias municipais e para o seu exercicio, corresponde á Policía Local o control do funcionamento dos mercados e do desenvolvemento da actividade da venda ambulante en xeral, así como a adopción das medidas preventivas que se sinalan nesta Ordenanza, para asegurar o correcto cumprimento da mesma.

Para iso, os efectivos da Policía Local esixirán as identificacións das persoas titulares das autorizacións, ou das súas suplentes, comprobarán a ocupación e correcta ubicación dos postos, os artigos á venda e o cumprimento adecuado das obrigas de limpeza, horario, atención á clientela e en xeral cantas outras sexan exixibles para o normal desenvolvemento da actividade de venda ambulante de que se trate así como revisar os requisitos que se piden para a autorización

O que se fai público para xeral coñecemento facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime conveniente.

.

Artigo 24º: infraccións

1. As infraccións clasifícanse en:

- Leves
- Graves
- Moi graves

2. Considéranse infraccións leves:

- a) As alteracións de orde público que produzan escándalo, derivadas do mal comportamento contrario ás normas ordinarias da convivencia b) A negligencia en canto ao aseo das persoas, dos postos ou locais e utensilios que utilicen
- c) O peche non autorizado e/ou xustificado de posto fixo interior por máis de tres xornadas e menos de dez
- d) Non ter exposto de xeito visible a autorización municipal
- e) O incumprimento das datas e horarios establecidos para a venda
- f) A ocupación para a venda dunha superficie ou espazo maior que o autorizado
- g) Colocar as mercadorías á venda no chan ou nos espazos destinados a corredores ou entre postos
- h) Non retirar ou pechar o posto dentro do horario establecido
- i) Calquera outra infracción a esta ordenanza que non se atope cualificada como falta leve

3. Considéranse infraccións graves:

- a) A desobediencia ás disposicións ou mandatos da Corporación Municipal, concelleiros ou funcionarios con competencia na materia
- b) O peche non autorizado e/ou xustificado de posto fixo interior por máis de 10 xornadas e menos de 30
- c) A non instalación de posto exterior por máis de dúas xornadas e menos de catro sen causa xustificada
- d) A venda de artigos distintos aos autorizados xunto cos propios do posto
- e) A realización de obras sen a preceptiva licenzia e/ou autorización municipal
- f) Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira
- g) A venda sen licenzia ou fora dos lugares asignados
- h) A reiteración na comisión de faltas leves, entendendo que se produce reiteración se se cometen dúas faltas leves dentro de un periodo de tres meses a computar dende a comisión da primeira infracción contabilizada

4. Considéranse infraccións moi graves:

- a) A venda de xénero en malas condicións, debidamente comprobado e sancionado pola inspección veterinaria
- b) A venda de produtos ou parte de animais non sacrificados en matadeiros industriais autorizados
- c) A venda de produtos sanitariamente incompatibles no posto
- d) Ter pechado o posto fixo por máis de trinta días sen que conste autorización municipal
- e) Non instalar posto exterior por máis de catro xornadas sen causa xustificada
- f) Destinar o posto a actividade comercial distinta da autorizada polo Concello
- g) Arrendar ou subarrendar o posto
- h) O traspaso ou cesión do posto sen cumprir os requisitos e condicións establecidos na presente Ordenanza
- i) A realización de obras que supoñan modificación de estrutura do inmovible da Praza de Abastos sen a preceptiva autorización municipal
- j) A utilización de anclaxes ou elementos que danen o pavimento público polos titulares de postos non fixos
- k) Cambiar o posto sen autorización municipal
- l) Causar danos dolosos ao edificio, postos ou instalacións
- m) Adebedar o titular do posto un mínimo de tres cuotas no pago das taxas
- n) A reiteración de dúas faltas graves, ou de tres con independencia da súa clasificación, nun período de seis meses

Artigo 25º: Sancións

As faltas sancionaranse:

A) As leves con apercibimento e multa de ata 100,00€, ou tratándose de postos non fixos, con sanción de levantamento ou non instalación de posto de ata dúas xornadas

B) As graves con multa de ata 400,00€, ou tratándose de postos non fixos, con sanción de levantamento ou non instalación de posto de ata catro xornadas

C) As moi graves, con multa de ata 1.000,00€ ou, tratándose de postos non fixos, con sanción de levantamento ou non instalación de posto de ata seis xornadas, e no caso de reincidencia coa revogación da autorización municipal.

Artigo 26 º

Cando concurren circunstancias atenuantes que modifiquen a responsabilidade, a sanción imponse na metade da contía establecida.

Cando concurren circunstancias agravantes que modifiquen a responsabilidade, a sanción a imponer incrementarase no 50% da contía establecida.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os titulares que contaran con autorización anterior á entrada en vigor desta norma conservarán a mesma nas condicións en que foi concedida e polo prazo nela indicado, debendo adaptarse á nova regulación no momento de finalización da autorización e/ou no primeiro proceso de renovación ou adjudicación seguinte ao da entrada en vigor da presente norma.

As resolucións ditadas para ordeación ou establecemento de mercadiños ocasionais ou sectoriais seguirán vixentes naquelo que non se opoña ao disposto na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada canta normativa municipal contraveña as disposicións establecidas na presente Ordenanza, e en particular a Ordenanza Municipal reguladora da Praza de Abastos, Mercadiños e da Venda Ambulante aprobada por sesión plenaria de 14 de decembro de 1998, a salvo do sinalado na disposición transitoria.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A resolución de cantas cuestións afecten á organización, réxime e funcionamento de cada mercado ou posto illado serán de competencia municipal. A Alcaldía ou, no seu caso, a Concellaría Delegada,

ostentará a representación do Concello para velar polo cumprimento de canto establece a presente ordenanza ou se resolva pola Corporación.

A dirección do mercado de abastos e o réxime de funcionamento de todos os seus servizos e dos restantes tipos de mercados e postos regulados na presente ordenanza exercitarase pola Alcaldía ou Concellaría Delegada.

Corresponde á Policía Local a vixilancia e control do mercado co obxeto do cumprimento das normas establecidas nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente ordenanza entrará en vigor a partir dos quince días posteriores á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo segundo artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O que se fai público para xeral coñecemento facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contenciosoadministrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Datas e números de publicación B.O.P. :

31 de Diciembre de 2013 B.O.P de Lugo Número 299

27 de maio 2016 B.O.P. de Lugo Número 121